



Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que desexen participar no programa “Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”.

XUSTIFICACIÓN

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no artigo 2 establece como fins do sistema educativo o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado así como o desenvolvemento da capacidade e coñecementos, a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

Así mesmo, establece no seu artigo 102 que os programas de formación do profesorado deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados á mellora da calidade educativa.

“*Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*” é un programa educativo que se desenvolve en colaboración coa Fundación Botín, que ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promove a comunicación e mellora da convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias. É un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa.

O programa foi implantado como experiencia piloto nos cursos 2014/15 , 2015/16, en 14 centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considerou conveniente implantar e desenvolver este programa noutros centros docentes dependentes desta Consellería, razón pola cal, desde o curso 2016-17 comezou a implantación noutros centros a través de convocatoria pública.

O Programa é unha proposta para tres cursos, co fin de que os centros e os seus docentes implementen o programa formando parte da rede de Centros Educación Responsable da Comunidade Autónoma Galega, recibindo formación, recursos educativos e seguimento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Fundación Botín.



BASES

As bases do proceso de selección e seguimento do proxecto de innovación educativa “Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade” (en adiante programa Educación Responsable) son as seguintes:

Primeira.- Obxecto desta convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto seleccionar un máximo de sete centros docentes públicos que desexen participar no programa ao longo de tres cursos escolares consecutivos.

Segunda.- Destinatarios.

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obligatoria.

Terceira. Obxectivos.

1. Coñecer, aplicar e integrar o programa Educación Responsable no centro docente para promover o desenvolvemento saudable do alumnado, a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias.
2. Coñecer e comprender o que é a educación emocional, social e creativa.
3. Utilizar a propia competencia emocional, social e creativa para acadar un maior benestar persoal, social e laboral.
4. Incorporar na práctica educativa o desenvolvemento das competencias emocionais, sociais e creativas no alumnado.
5. Contribuír á mellora do clima de convivencia no centro docente e ao éxito escolar do seu alumnado.

Cuarta. Temporalización e desenvolvemento.

O programa Educación Responsable desenvolverá as súas actividades ao longo de tres cursos académicos entre os meses de setembro e xuño de cada curso.

Os Centros da Rede de Formación Permanente do Profesorado (CAFI e CFRs) ofrecerán o apoio técnico e o asesoramento necesarios para o desenvolvemento do proxecto ao longo dos tres cursos académicos.

Quinta. Participación do profesorado.

Para a adecuada implantación e dinamización do programa é necesaria a implicación e participación do profesorado, que procurará a intervención do resto da comunidade educativa.

A participación desenvolverase do seguinte xeito:

1. Profesorado de centros de educación infantil e primaria:

No primeiro curso de implantación do proxecto é necesaria a formación, en cada centro, dun Equipo de Educación Responsable composto por:

- a. Unha persoa integrante do equipo directivo do centro.
- b. Tres docentes da etapa de educación infantil con destino definitivo
- c. Cinco docentes da etapa educación primaria con destino definitivo:
 - c.1. Dous docentes titulares de educación primaria: un/unha de 1º, 2º ou 3º e outro/a de 4º, 5º ou 6º de educación primaria.
 - c.2. Dous docentes de educación primaria, que poden ser titulares/as ou especialistas.
 - c.3. Un docente especialista na área de Música.

A formación dos docentes de educación infantil distribuirase da maneira seguinte: un/unha formarase na aplicación do recurso xeral de Banco de Ferramentas, outro/a formarase no recurso de Música e outro/a na aplicación do recurso de Lectura e Emocións.

Na educación primaria, a formación estará repartida da seguinte forma: as dúas persoas titoras establecidas no punto c.1. formaranse na aplicación do recurso xeral do Banco de Ferramentas. Do profesorado referido no punto c.2., un/unha docente formarase no recurso de Arte, e outro/a no de Literatura. O/a docente especialista na área de Música formarase na aplicación de Música en educación primaria.

2. Profesorado de centros que imparten educación secundaria obligatoria:

Durante o primeiro curso de implantación do proxecto é necesaria a formación, en cada centro, dun Equipo de Educación Responsable composto por:

- a. Unha persoa integrante do equipo directivo.



b. Un mínimo de 3 e un máximo de 5 docentes da ESO con destino definitivo no centro.

b.1 Dous docentes que asuman a titoría do alumnado no que se vai aplicar o recurso Banco de Ferramentas. Garantírase que unha destas persoas asuma a titoría de 1º ou 2º da ESO e, polo menos outra, a titoría de 3º ou 4º.

b.2 Un/unha docente que imparta unha materia do ámbito lingüístico na ESO.

b.3 Un/unha docente que imparta a materia de Música na ESO.

b.4 Un/unha docente que imparta a materia de Educación Plástica e Visual na ESO.

Sexta. Funcións da persoa coordinadora.

A persoa coordinadora do proxecto será un/unha profesor/a do Equipo de Educación Responsable que teña destino definitivo no centro. A coordinación será compartida cunha persoa integrante do equipo directivo. Ambas persoas promoverán a realización das actividades planificadas no seo deste proxecto, tanto formativas do profesorado como de aplicación directa na aula.

Estas funcións asumiranse ao longo dos tres cursos de duración do proxecto e suporán:

- a. Asistir ás sesións de formación inicial que terán lugar entre xuño e setembro.
- b. Asistir ás tres reunións da rede de Centros de Educación Responsable que terán lugar entre setembro e xuño de cada curso. O calendario destas xuntanzas concretarase con suficiente antelación.
- c. Promover e dinamizar a realización das actividades, en coordinación coa persoa integrante do equipo directivo.
- d. Coordinar a formación presencial no centro e promover a participación nela do maior número posible de docentes do centro.
- e. Actuar como interlocutor/a entre os centros da Rede de Formación Permanente do Profesorado e o profesorado do centro, asegurando a adecuada transmisión de información en todo o referente ao desenvolvemento e seguimento do programa.
- f. Ao inicio de cada fase, realizar as inscricións do profesorado participante a través da plataforma do Programa Educación Responsable da Fundación Botín.



- g. Se unha vez iniciado o proxecto algúns/unha docente causara baixa, o/a coordinador/a deberá comunicar por correo electrónico os datos do/a docente (nome, apelidos e DNI), indicando a data na que se produce a baixa e o recurso no que dito/a docente está inscrito/a.
- h. Reunirse cos/coas asesores/as da Rede de Formación Permanente do Profesorado para realizar o seguimento cando sexa necesario.
- i. Coordinar a elaboración das memorias finais de cada curso.

Sétima. Compromisos dos centros.

A participación en Educación Responsable implica o compromiso do desenvolvemento secuencial das actuacións marcadas no seguinte itinerario:

Fase I inicial e de crecemento (curso 2017-18).

O obxecto da primeira fase é que o profesorado que compón o Equipo de Educación Responsable coñeza as ferramentas didácticas propias da educación emocional e aplique as actividades do programa.

Ao longo do primeiro curso, os centros docentes participantes comprométense a cumplir as seguintes accións:

1. Constituír o Equipo de Educación Responsable, formado polo profesorado que se sinala na base quinta desta convocatoria.
2. Asistir á formación inicial presencial que se desenvolverá nos meses de xuño e setembro.
3. Completar a formación en liña do Equipo de Educación Responsable de cada centro docente. A formación desenvolverase de forma paralela á aplicación do programa. Esta formación distribúese como se indica deseguido:
 - a) Banco de Ferramentas: 30 horas, distribuídas de forma trimestral ao longo de todo o curso.
 - b) Recursos de Música, Arte e Literatura, 10 horas cada un deles, que se realizarán nun trimestre.
4. Rematar a formación en liña por parte das persoas integrantes do Equipo de Educación Responsable. É un requisito indispensable para a continuidade do centro docente nas seguintes fases do programa.
5. Participar na formación presencial I. En cada un dos centros seleccionados impartiranse 10 horas de formación presencial por curso escolar de implantación



do programa á que se aconsella a asistencia de todo o claustro. Cada curso abordará unha das liñas de desenvolvemento que abarca o programa: afectivo, social e creatividade. Esta formación ten como finalidade capacitar o profesorado no uso de ferramentas e técnicas para o seu traballo na aula. Esta actividade formativa seral le certificada a cada participante como curso de formación.

6. Participar nas formacións complementarias dos distintos recursos que se poidan organizar ao longo do curso.
7. Asistir ás reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable a nivel nacional. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
8. Participar nas actividades convxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación.
9. Participar nas actividades de avaliación do proxecto que a tal efecto se deseñen.

Fase II de expansión (curso 2017-18).

Na segunda fase o profesorado do Equipo de Educación Responsable formará o resto do profesorado do centro, co obxecto de que coñeza as ferramentas didácticas propias da educación emocional e aplique as actividades do programa.

Ao longo deste segundo curso, os centros participantes comprométense a cumplir as seguintes accións:

1. Asumir este programa como unha liña prioritaria dentro do Proxecto Educativo (PE), sendo necesario a participación dun maior número de integrantes do Claustro. Paulatinamente irase integrando nos distintos niveis de concreción curricular (Programación Xeral Anual, Programación de Aula). Paralelamente incluirase no Plan de Orientación Educativa.
2. Formar o profesorado dos distintos recursos do programa por medio dun itinerario formativo, incluíndo un plan de formación permanente do profesorado (PFPP) apoiado polo Equipo de Educación Responsable formado nos distintos recursos durante o 1º curso do implantación do programa e asesorado polo persoal dos centros da Rede de Formación Permanente do Profesorado.
3. Participar na formación presencial II. En cada un dos centros participantes impartiranse 10 horas de formación presencial, dirixidas a todo o profesorado do centro, de forma semellante ao primeiro ano.
4. Participar nas formacións complementarias dos distintos recursos que se poidan organizar ao longo do curso.



5. Asistir ás reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable a nivel nacional. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
6. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación.
7. Participar nas actividades de avaliación do proxecto que a tal efecto se deseñen.
8. O equipo de Educación Responsable formado no primeiro curso de implantación (FASE I) comprométese a colaborar e apoiar a formación do resto do profesorado do centro ao longo do segundo curso de aplicación, a través dun PFPP e asesorado polo persoal dos centros da Rede de Formación Permanente do Profesorado.

Fase III de consolidación (curso 2017-18).

O obxectivo desta fase é que o centro docente utilice de forma autónoma as metodoloxías, técnicas e actividades e sexa quen de elaborar outras novas, incluíndo obxectivos propios do crecemento emocional, social e creativo do alumnado no PE.

Ao longo do terceiro curso, os centros docentes participantes comprométense a cumplir as seguintes accións:

1. Incluír obxectivos e actividades propios do programa na programación xeral anual do centro.
2. A maioría dos docentes do centro docente incorporarán nas súas programacións de aula actividades do programa de Educación Responsable.
3. Aplicar a totalidade dos recursos do programa coa maior parte do alumnado.
4. Participar na formación presencial III. En cada un dos centros participantes impartiranse 10 horas de formación presencial, dirixidas a todo o profesorado do centro, igual ca na fase II.
5. Participar nas formacións complementarias dos distintos recursos que se poidan organizar ao longo do curso.
6. Asistir ás reunións da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable a nivel nacional. Levaranse a cabo tres reunións cos equipos dos centros docentes participantes nos meses de outubro, xaneiro e xuño.
7. Participar nas actividades conxuntas de difusión do programa que xurdan como resultado da aplicación.



8. Participar nas actividades de avaliación do proxecto que a tal efecto se deseñen.
9. O profesorado participante na implementación do Programa Educación Responsable formado comprométese a realizar o traballo de formación e coordinación, a través dun PFPP e asesorado sempre polo persoal dos centros da Rede de Formación Permanente do Profesorado.

Os centros que cumpran estes obxectivos serán acreditados e pasarán a formar parte da Rede de Centros do Programa de Educación Responsable.

Oitava. Solicitud, presentación e prazo.

A solicitude de participación realizaraa o/a director/a do centro docente, segundo os anexos I, II e III que se atopan ao final desta convocatoria.

A solicitud (Anexo I) deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1. Certificación da aprobación do programa por parte do Claustro (Anexo II).
2. Certificación de información sobre a participación no programa ao Consello Escolar (Anexo III).
3. *Documento no que se expoña as motivacións* do centro para participar. Poñerase de manifesto a adecuada disposición e o compromiso para implementar o programa ao longo dos tres cursos de duración, incluiranse os obxectivos que o centro pretende acadar coa súa participación neste proxecto, darase conta da súa coherencia co PE e farase unha relación das iniciativas relacionadas coa educación emocional que o centro estime conveniente para a súa selección (máximo 5 páginas, con formato Arial, tamaño 12 e interlixado 1,5; aproximadamente 9000 carácteres).

A solicitud, acompañada da documentación sinalada, deberá remitirse como copia dixital ao seguinte correo electrónico: xsoie@edu.xunta.es.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 25 de maio de 2017. Considerarase como data de presentación da solicitud a de entrada no correo electrónico indicado.

Toda a documentación orixinal, en formato papel, quedará depositada no centro ao dispor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Novena. Comisión de valoración.

Para o estudo das solicitudes presentadas constituirase unha comisión de valoración integrada polos seguintes membros:



- A persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- A persoa titular da Xefatura de Servizo de Formación do Profesorado.
- A persoa coordinadora do Programa de Educación Responsable na Comunidade Autónoma Galega.
- Unha persoa funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

Décima. Selección

No caso de que o número de centros docentes solicitantes, cumprindo as bases da convocatoria, supere a cantidad de prazas ofertadas, a selección efectuarase seguindo os seguintes criterios:

1. Valorarase o documento no que expoñen as motivacións e os obxectivos que xustifican o desexo do centro para participar (ata 20 puntos).
2. Valorarase ter participado en proxectos educativos relacionados coa educación emocional (ata 10 puntos).
3. Terase en conta a porcentaxe de profesorado do Equipo de Educación Responsable con destino definitivo no centro (ata 20 puntos).

A comisión poderá requirir cantos informes técnicos sexan precisos para unha mellor fundamentación da valoración. Na valoración terase en conta a información proporcionada polos servizos de Inspección Educativa sobre a viabilidade das solicitudes.

Procurarase unha implantación territorial equitativa do programa.

A financiación do programa nos centros seleccionados para a formación do profesorado será articulada a través de distintas modalidades formativas xestionadas pola estrutura de Formación Permanente do Profesorado e os recursos necesarios para a implementación do programa obterase, se é o caso, a través da participación dos centros na convocatoria de Contratos-Programa na liña de actuación para a Mellora da convivencia.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicará a selección dos centros participantes no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.es/portal/>) e comunicarállela por correo electrónico a todos os centros solicitantes.

Décimo primeira: Formación inicial

A participación do profesorado dos centros seleccionados comenzará con:



Un curso de formación para coordinadores do programa de 25 horas (20 presencias e 5 non presenciais) que se realizarán no mes de xullo e setembro.

Unhas xornadas para os responsables dos distintos recursos do programa de 8 horas.


Décimo segunda. Certificación.

1. O primeiro ano de implantación do programa no centro, a certificación do profesorado de cada participante será a seguinte:
 - a. Para as persoas coordinadoras:
 - Curso de de formación inicial, con 25 horas de formación permanente do profesorado.
 - Por coordinación do programa, actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 10 horas de formación permanente do profesorado.
 - b. Para o profesorado responsable dos recursos:
 - Xornadas de formación inicial, con 8 horas formación permanente do profesorado.
 - Para os docentes responsables do recurso Banco de Ferramentas, actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado.
 - Para os docentes responsables dos recursos de Arte (Reflexarte); Música (Coro das Emocións); Lectura e Emocións de educación infantil; e Literatura de Educación Primaria e Secundaria, actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 10 horas de formación permanente do profesorado.
 - c. Para o profesorado pertencente ao Claustro que participe na formación presencial no centro:
 - a. Xornadas de formación sobre o desenvolvemento afectivo, con 10 horas de formación permanente do profesorado.
2. Os outros dous cursos do proxecto que responden ás fases de expansión e consolidación realizaranse a través da participación en convocatorias de Plans de Formación Permanente do Profesorado, certificando un máximo de 50 horas anuais de formación permanente do profesorado.

Decimo terceira. Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das súas bases.

Santiago de Compostela, 25 de abril 2017



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

ANEXO I

PROCEDIMENTO

PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “EDUCACIÓN RESPONSABLE. PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN EMOCIONAL, SOCIAL E DA CREATIVIDADE”.

DOCUMENTO
SOLICITUDE

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

CENTRO EDUCATIVO		CÓDIGO DO CENTRO	NIF
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	BLOQ
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (o/a director/a) (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en derecho)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
------	------------------	-----------------	-----

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Certificación do nivel de aprobación do programa polo Claustro (Anexo II).
- Certificación de ter informado sobre a participación no Programa ao Consello Escolar (Anexo III).
- Documento xustificativo segundo o dispón a base oitava desta convocatoria.

COORDINADORAS/ES DO PROGRAMA: “EDUCACIÓN RESPONSABLE. PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN EMOCIONAL, SOCIAL E DA CREATIVIDADE”.

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	
------	------------	------------	-----	--

PROFESORADO MEMBRO DO EQUIPO DIRECTIVO

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	RECURSO
------	------------	------------	-----	---------

PROFESORADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	RECURSO
				Banco de ferramentas de Ed. Infantil
				Lectura e Emocións (LEE)
				O Coro das Emocións

PROFESORADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	RECURSO
				Banco de ferramentas (profesor titor de 1º,2º ou 3º)
				Banco de ferramentas (profesor titor de 4º,5º ou 6º)
				Literatura, Emocións e Creatividade



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.es

				Coro das emocións
				Reflexarte
PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA				
NOME	1º APELIDO	2º APELIDO	NIF	RECURSO
				Banco de ferramentas (profesor titor de 1º,2º da ESO)
				Banco de ferramentas (profesor titor de 3º,4º ESO)
				Literatura, Emocións e Creatividade
				Coro das emocións
				Reflexarte

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE E SELO DO CENTRO

Lugar e data _____ , _____ de _____ de _____				



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

ANEXO II

APROBACIÓN DO CLAUSTRO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DO PROGRAMA: “EDUCACIÓN RESPONSABLE. PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN EMOCIONAL, SOCIAL E DA CREATIVIDADE”.

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (O/A SECRETARIO/A)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF

DECLARA

- Que o Claustro do centro coñece o contido e as características da convocatoria para a participación do centro educativo no programa: “Educación Responsable. Programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”.
 - Que o Claustro, na sesión do día de 2015,
- Se mostrou favorable a participar na convocatoria do programa : “Educación Responsable. Programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade”.

RESULTADO DA VOTACIÓN

Número de integrantes do Claustro con derecho a voto	
Número de integrantes do Claustro con derecho a voto presentes na votación	
Número de votos favorables á presentación da solicitude de participación	
Número de votos contrarios á presentación da solicitude de participación	
Número de votos en branco	
Número de votos nulos	

Visto e prace O/A DIRECTOR/A DO CENTRO

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

Lugar e data

, de de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

ANEXO III

INFORME AO CONSELLO ESCOLAR SOBRE A SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA NO PROGRAMA: "EDUCACIÓN RESPONSABLE. PROGRAMA PARA O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN EMOCIONAL, SOCIAL E DA CREATIVIDADE".

DATOS DO CENTRO SOLICITANTE

CENTRO	CÓDIGO DO CENTRO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (O/A SECRETARIO/A)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF

DECLARA

Que , na sesión do día _____ de _____ de 2017, o Consello Escolar do centro, foi informado do contido e as características da convocatoria para a participación do centro educativo no programa:"Educación Responsable. Programa para o desenvolvimento da educación emocional, social e da creatividade".

Visto e prace O/A DIRECTOR/A DO CENTRO

O/A SECRETARIO/A

Asdo.:

Asdo.:

Lugar e data

, de de